

**Yolanda CASTAÑO**

De seis a sete acoitelo a alba,  
de sete a oito rexistro a delación,  
de oito quince a nove corenta e cinco que martirio redondo virá  
turrar polo designio,  
se consigo deixar empapelado o simulacro, ás  
dez ou dez e cuarto poden contar tamén con ese fin.  
Dispendio de virtudes ás dez e dezaseis minutos  
(calorosa benvinda dos novos beneficios),  
cunha man hei traducir as contundencias,  
coa outra, négome a soñar.  
Á hora exacta accionar o paso e precipitar a redución,  
tres ben tensados gobelinos, cinco alcances, un arancel.  
Se ás tres teño lista a sombriza vendima poden por fin marchar a casa, se non,  
conto ata mil.

Trescentos dous para a dignidade, cento vinte para o vigor,  
algúns menos para a condición que para o costume,  
vinte e catro con trinta para a alerta e, os tres que sobran,  
para poder dicir que non.

Seguido palillando os acervos e os amparos.  
De alguén que virá e o fará por menos,  
sobre as nubes, a rapaz.

(inédito)

### Mazás do xardín de Tolstoi

Eu,  
 que bordeei en automóbil as beiras do Neretva,  
 que rebañei en bicicleta as rúas húmidas de Copenhague.  
 Eu que medín cos meus brazos os buratos de Saraxevo,  
 que atravesei ao volante a fronteira de Eslovenia  
 e sobrevoei en avioneta a ría de Betanzos.  
 Eu que collín un ferry que arribase ás costas de Irlanda,  
 e á illa de Ometepe no Lago Cocibolca;  
 eu que non esquecerei aquela tenda en Budapest,  
 nin os campos de algodón na provincia de Tesalia,  
 nin unha noite nun hotel aos 17 anos en Niza.  
 A miña memoria vai mollar os pés á praia de Jurmala en Letonia  
 e na sexta avenida síntense coma na casa.

Eu,  
 que houben morrer unha vez viaxando nun taxi en Lima,  
 que atravesei o amarelo dos campos brillantes de Pakruojis  
 e crucei aquela mesma rúa que Margaret Mitchell en Atlanta.  
 Os meus pasos pisaron as areas rosadas de Elafonisi,  
 cruzaron unha esquina en Brooklyn, a ponte Carlos, Lavalle.  
 Eu que atravesei deserto para ir ata Essaouira,  
 que me deslicei en tirolina dende os cumios do Mombacho,  
 que non esquecerei a noite que durmín na rúa en Amsterdam,  
 nin o Mosteiro de Ostrog, nin as pedras de Meteora.  
 Eu que pronunciei un nome no medio dunha praza en Gante  
 que unha vez suquei o Bósforo vestida de promesas,  
 que nunca volvín ser a mesma despóis daquela tarde en Auschwitz.

Eu,  
 que conducín cara o leste até preto de Podgorica,  
 que percorrín en motoneve o glaciario de Vatnajökull,  
 eu que nunca me sentín tan soa coma na rue de Sant Denis,  
 que xamáis probarei uvas coma as uvas de Corinto.  
 Eu, que un día recollín

mazás do xardín de Tolstoi,

quero voltar a casa:  
 o recanto  
 que prefiro  
 da Coruña

xusto en ti.